



Dios Ke Te Crew compartirá escenario con Boyanka Kostova o vindeiro sábado 18 de marzo na Coruña, no marco da xira 'Tremendos Anos 20'

A banda máis emblemática do hip hop do país actuará na sala Playa Club a partir das 22:00 horas e as entradas para a cita están dispoñibles en www.enterticket.es

Trátase do segundo directo dunha xira especial coa que Mou, Sokram, Jamas e Dj Murdock celebran dúas décadas na escena musical



Dios Ke Te Crew © Iago Vilarinho

7 de marzo de 2023.- Dios Ke Te Crew, a banda máis emblemática do hip hop galego, actuará na Coruña o vindeiro **sábado 18 de marzo** no marco da **nova xira do grupo, nomeada Tremendos Anos 20**, coa que celebra o seu vixésimo aniversario sobre os escenarios revisando os grandes éxitos da súa traxectoria e presentando as súas últimas creacións. O **Playa Club** acollerá un directo no que a banda estará acompañada por **Boyanka Kostova**, o dúo de referencia do trap galego, formado por **Sibran Yiyi** e **O Chico do Funko** (coñecido tamén polo seu proxecto musical Ortiga). As entradas para a cita, que comezará ás 22:00 horas, están á venda na plataforma www.enterticket.es



Dios Ke Te Crew é historia do rap en galego. Desde a súa formación no 2003, a banda conformada por **Mou, Sokram, Jamas e Dj Murdock** destacou polo seu enxeño, habilidade narrativa e humor próximo á actualidade. Logo da publicación de tres LP e percorrer ducias de festivais e salas de concertos por toda Europa, DKTC publicou o pasado 2022 *En que ano estamos?!*, un EP con cinco temas nos que os seus membros demostran por que é considerada como a banda máis mítica do hip hop do país. Entre os novos tracks, acompañados por pezas audiovisuais de Xaime Miranda, destaca un dos himnos dos últimos tempos: [OG \(Orixinal Galego\) con Boyanka Kostova](#).

Este mes de marzo DKTC regresa ás salas ca xira **Tremendos Anos 20**, na que presenta unha potente posta en escena audiovisual: as imaxes creadas polo artista de renome internacional e precursor do Gif Art, **A.L. Grego**, arroupan e interactúan co contido das cancións de DKTC, aumentando de maneira exponencial ás xa de por si enérxicas actuacións que caracterizan á banda.

CONVOCATORIA - DIOS KE TE CREW EN A CORUÑA

Acto: concerto na Coruña da xira 'Tremendos Anos 20'

Data: sábado 18 de marzo

Hora: 22:00 horas (21:30 horas apertura de portas)

Lugar: Playa Club (Andén de Riazor s/n)

Contacto de prensa DKTC

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es

Descarga aquí o [kit de prensa](#) DKTC - Xira Tremendos Anos 20